*Informe final de*

# AVALIACIÓN DO PAT

Facultade de Educación e Traballo Social

Curso 2021-2022
R2-DO0203 P1





Validación pola Comisión de Garantía Interna de Calidade
Aprobado o 14/12/2022

Centro certificado
FIDES AUDIT

Facultade de
Educación e Traballo Social

Universida de Vigo

Área de Calidade

Plan de Acción Titorial

# MEMORIA DO PAT-ANEAE



# CURSO 2021-2022

**FACULTADE DE EDUCACIÓN E TRABALLO SOCIAL**

***Validación Comisión de Garantía Interna de Calidade,***
***en Ourense, a día 14 de decembro de 2022***

# Índice

INFORME: ACIÓNS PAT 1º cuadrimestre curso 2021-2022 ..... 3
1.Presentación..... 3
BLOQUE 1. ACCIÓNS TRONCAIS DO PAT-ANEAE..... 3
Actividade 1.-Presentación e planificación de actividades do PAT-ANEAE..... 3
Actividade 2.-Reunión coordinador/a do PAT-ANEAE e os/as titores/as ..... 4
Actividade 3.-Reunión coordinador/a do PAT-ANEAE e os/as delegados de curso..... 4
Actividade 4.-Programa PIUNE: apoio a diversidade ..... 4
Actividade 5.-Reunión dos/as titores/as do PAT-ANEAE e o grupo de os/as estudantes titorizados/as..... 5
BLOQUE 2. ACCIÓNS INFORMATIVAS DE INTEGRACIÓN ..... 6
SUBLOQUE. ACCIÓNS DE ACOLLIDA..... 6
SUBLOQUE. ACCIÓNS ESPECÍFICAS DO PAT-ANEAE..... 6
INFORME: ACIÓNS PAT 2º cuadrimestre curso 2021-2022 ..... 10
1.Presentación..... 10
BLOQUE 1. ACCIÓNS TRONCAIS DO PAT-ANEAE..... 10
Accións destinadas a estudantes de inicio de titulación..... 10
BLOQUE 2. ACCIÓNS INFORMATIVAS DE INTEGRACIÓN ..... 11
Accións destinadas a estudantes que non inician titulación..... 11
Anexos..... 15
ANEXO I. ACTAS TITORES 1º CUADRIMESTRE ..... 15
ACTAS DA REUNIÓN DE AXENTES IMPLICADOS NO PAT..... 15
RESUMO DAS ACTAS DOS TITORES/AS DO GRAO DE EDUCACIÓN INFANTIL ..... 18
RESUMO DAS ACTAS DO TITORES/AS DO GRAO DE EDUCACIÓN PRIMARIA ..... 20
RESUMO DAS ACTAS DO TITORES/AS DO GRAO DE EDUCACIÓN SOCIAL ..... 22
RESUMO DAS ACTAS DO TITORES/AS DO GRAO DE TRABALLO SOCIAL ..... 24
ANEXO II. ACTAS TITORES 2º CUADRIMESTRE ..... 26
ACTAS DA REUNIÓN DE AXENTES IMPLICADOS NO PAT ..... 26
RESUMO DAS ACTAS DOS TITORES/AS DO GRAO DE EDUCACIÓN INFANTIL ..... 28
RESUMO DAS ACTAS DOS TITORES/AS DO GRAO DE EDUCACIÓN PRIMARIA..... 30
RESUMO DAS ACTAS DOS TITORES/AS DO GRAO DE TRABALLO SOCIAL ..... 32
RESUMO DAS ACTAS DOS TITORES/AS DO GRAO DE EDUCACIÓN SOCIAL ..... 34
ANEXO III. COORDINACIÓN ENTRE RESPONSABLE DO PAT-ANEAE, TITORAS/ES DOS TÍTULOS E OUTROS/AS AXENTES IMPLICADOS ..... 35
ANEXO IV. SÍNTESE DO INFORME PAT-ANEAE-CURSO 2021_2022 ..... 38
ANEXO V. CRONOGRAMAS ..... 39

CRONOGRAMA DO 1º CUATRIMESTRE DE DESENVOLVEMENTO DO PAT-ANEAE PARA O CURSO 2021-2022 .......... 39
CRONOGRAMA DO 2º CUATRIMESTRE DE DESENVOLVEMENTO DO PAT-ANEAE PARA O CURSO 2021-2022 .......... 53

## INFORME: ACIÓNS PAT 1º cuadrimestre curso 2021-2022

### 1.Presentación

As accións do 1º cuadrimestre do PAT-ANEAE están dirixidas a todo o estudantado dos graos e mestrados da Facultade de Educación e do Traballo Social de Ourense, prestando unha especial atención aos estudantes de novo ingreso e aos PIUNE. De forma adicional e máis específica, realizáronse sesións de orientación académica dirixidas a preparar aos estudantes, particularmente os de 2º e 3º curso sobre os programas de mobilidade. Tamén, se traballou cos estudantes de 4º curso para que abordaran, de forma eficaz e autónoma, as aprendizaxes adquiridas nas materias dos respectivos plans de estudos (i.e., Practicum). Do xeito adicional, proporcionouse unha formación específica sobre o bo trato na infancia e na adolescencia ao alumnado de 3º e 4º curso, dos graos do centro.

### BLOQUE 1. ACCIÓNS TRONCAIS DO PAT-ANEAE

**Actividade 1.-Presentación e planificación de actividades do PAT-ANEAE.**

*Descrición*. O/A coordinador/a do PAT-ANEAE ocupouse de difundir a guía do PAT-ANEAE entre o profesorado e estudantado a través das canles de comunicación, que ten habilitadas o centro. No período comprendido entre a última semana de xullo e a primeira de setembro, comunicouse a previsión de actividades, que aparecen concretadas no cronograma, as persoas que participan no seu desenrolo (i.e., o profesorado titor/a, coordinador/a de títulos). Convidouse aos estudantes de 1º curso dos graos do centro, a elixir delegado/a, e aos de curso precedentes a participar no PAT-ANEAE.

Por correo electrónico, na presentación do PAT-ANEAE preguntouse aos titores/as do curso académico 2020-2021 se desexan continuar ou desistir da función de titor/a. Neste caso, producíronse algunhas baixas e novas incorporacións, resultando definitiva a seguinte relación, a saber:

> *No grao de Educación Infantil*: Valentín Iglesias Sarmiento; María del Pino Díaz Pereira; Sonia Alfonso Gil; Francisco Javier García Núñez; Almudena Alonso Ferreiro; María Ainoa Zabalza Cerdeiriña (substituída provisionalmente por Almudena Alonso).
>
> *No grao de Educación Primaria*: María del Mar García Señorán; Xosé Constela Vega; María Mercedes González Vázquez; Ángeles Conde Rodríguez; Ángel Vázquez Dorrío; Ana Iglesias Álvarez.
>
> *No grao de Educación Social*: Sara Martínez Carrera; Deibe Fernández Simo; María Victoria Fernández Carrera; Yolanda Rodríguez Castro; Manuel Isorna Folgar; Xosé Manuel Cid Fernández.
>
> *No grao de Traballo Social*: María José Vázquez Figueiredo; Mónica López Viso; Raquel Vázquez Pérez; Rubén González Rodríguez; Yolanda García Vázquez; Paula Frieiro Padín.

*Data de realización*: A finais de xullo e primeira semana de setembro contactouse coas persoas, que van a participar na execución das accións do PAT-ANEAE do 1º cuadrimestre do curso 2021-2022. A presentación do PAT-ANEAE nos graos realizouse na sesión de acollida, que se executou

o día 06/09/2022, nos catro graos do centro. Nos mestrados do centro, o PAT-ANEAE presentouse polo coordinador/a o día da sesión de acollida, que se efectuou no mes de setembro (ver, cronograma do PAT-ANEAE).

*Avaliación da excusión.* O profesorado e persoal da administración e servizos que colaborou na execución do PAT-ANEAE (i.e., biblioteca, AUCE, técnica do FUVI, profesorado de linguas estranxeiras da Facultade) responderon, de forma positiva, ao igual que os/as delegados/as de cursos previos. Cabe significar que nos títulos que quedaron prazas libres de titores/as, o profesorado, que foi convidado a participar, respondeu de forma áxil e positivamente.

**Actividade 2.-Reunión coordinador/a do PAT-ANEAE e os/as titores/as**

*Descrición*. O/A coordinador/a convocou unha reunión cos/as titores/as do PAT-ANEAE para consensuar e concretar, atendendo as necesidades que se detectaron en cursos pasados, os puntos a incluír nas reunións co grupo de estudantes titorizados/as.

*Avaliación da execución*. A maioría dos/as titores/as asistiron a reunión establecida entre titores-estudantes titorizados/as, sendo unha xuntanza moi participativa e produtiva. Na sesión, por consenso, estruturouse un protocolo cos contidos a tratar na primeira reunión e o procedemento a seguir para facer a convocatoria e recoller o tratado. Acordouse introducir a figura de delegado/a, unha vez que se elabore un regulamento específico da figura. A coordinación trasladou, por correo, a todos os/as titores/as a acta, recibindo *feedback* positivo nos correos **(ver, Anexo I).**

*Data de realización*: Aula Virtual 3.1 do Campus Remoto da Uvigo, dende ás 16:00 ata ás 18:00 horas do día 4 de outubro de 2021, acordouse, por consenso, o protocolo a seguir na 1ª reunión co alumnado de 1º curso.

**Actividade 3.-Reunión coordinador/a do PAT-ANEAE e os/as delegados de curso**

*Descrición*. O/A coordinador PAT-ANEAE remitiu un correo aos estudantes que se prestaron voluntarios para actuar, en funcións, como delegados de curso, indicando que se pospón a reunión ata que administrativamente se formalice a elección dos/as delegados/as, segundo o Regulamento (aprobado na Xunta de centro do 17/12/2021), no que se recollen as súas funcións, dereitos e obrigas.

*Data de realización*: Mes de outubro.

*Avaliación da execución*. Os estudantes valoraron positivamente, que o centro elabore unha normativa que regule a súa participación.

**Actividade 4.-Programa PIUNE: apoio a diversidade**

O/A coordinador/a do programa PIUNE colaborou na xestión dos/as estudantes que solicitaron avaliación e adaptación. O coordinador PIUNE informou da previsión inicial dos estudantes PIUNE. O gabinete de orientación educativa informou aos coordinadores de grao dos estudantes do programa PIUNE, este notificou ao profesorado e coordinadores de grao. Do mesmo xeito,

notificouse aos docentes o Plan de Atención individualizado comunicado pola Unidade de Atención ao Estudantado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (UNATEN).

*Data de realización*: tras a notificación da inclusión no programa PIUNE durante o 1º cuadrimestre do curso 2021-2022.

**Actividade 5.-Reunión dos/as titores/as do PAT-ANEAE e o grupo de os/as estudantes titorizados/as**

*Descrición*. Cada titor/a mantivo unha primeira reunión co seu alumnado para presentar o funcionamento do PAT-ANEAE e explicar a súa utilidade, e tamén posibilitou a detección das necesidades e demandas de cada grupo (Ver, Taboa 1). Tamén, efectuase unha actividade de orientación e apoio en cuestións académicas relativas aos contidos, actividades e avaliacións das materias e as demandas dos/as estudantes. Esta acción está dirixida a todo o alumnado do centro, que é realizado polos distintos docentes das materias de cada un dos graos e dos mestrados.

Taboa 1.

Relación e descrición das reunións dos/as titores/as dos graos PAT-ANEAE

| CONVOCATORIAS | DESCRICIÓN | DATAS |
|---|---|---|
| *Reunión obrigatoria*. | O coordinador/a do PAT-ANEAE remite un correo informativo aos titores/as cos principais puntos a abordar nas reunións cos estudantes, concretando o período e lugar, no que debe efectuarse. | 1º cuadrimestre. A convocatoria debe realizarse entre os meses de outubro-novembro |
| *Reunións segundo a demanda dos/as estudantes*. | Os/as titores realizan un asesoramento ao seu grupo de estudantes titorizados/as ao longo do curso académico, en función das necesidades detectadas. | Tras a notificación da demanda de atención dos/as estudantes |

## BLOQUE 2. ACCIÓNS INFORMATIVAS DE INTEGRACIÓN

### SUBLOQUE. ACCIÓNS DE ACOLLIDA

#### Actividade 1. Sesión informativa nos graos e mestrados.

A primeira semana do curso académico, en concreto o **6 de setembro de 2021**, celebrouse unha sesión de presentación co estudantado de 1º. Nela informase dos plans de estudos dos títulos do centro, as competencias dos títulos, a normativa do centro, os servizos administrativos, o PAT-ANEAE, os/as titores/as, e sobre os espazos (i.e., salas de estudos, laboratorio de informática), o protocolo COVID-19. Asemade, realizouse unha sesión orientada ao manexo das ferramentas tecnolóxicas, que deben coñecer os estudantes durante a súa vida académica (i.e., secretaria virtual, correo electrónico, campus remoto, MOOVI) (ver, web centro, programa semana acollida).

No *Mestrado En Dificultades De Aprendizaxe E Procesos Cognitivos* as accións de información sobre a contorna universitaria, os servizos que ofrecen a universidade e a facultade e as características específicas da titulación dirixidas ao estudantado de 1º curso desenvolvéronse no marco da xornada de acollida **o día 22 de setembro de 2021**. Asimesmo, os días 22 e 23 de setembro celebrouse unha sesión formativa na biblioteca para o novo estudantado do título.

No *Mestrado En Intervención Multidisciplinar Na Diversidade En Contextos Educativos* a xornada de acollida realizouse o día **25 de setembro ás 16.30 horas** na Facultade de Ciencias da Educación do campus de Ourense, onde se explicaron os aspectos fundamentais sobre a planificación académica e os recursos dispoñibles para o estudantado do mestrado, indispensables para a boa marcha e o aproveitamento do curso.

No *Mestrado En Profesorado En ESO, Bacharelato, FP E Ensino De Idiomas* a xornada de presentación levouse a cabo o día **23 de setembro, ás 17.00 horas**, no campus remoto na Sala de Xuntas 1 da Facultade de Educación e Traballo Social.

*Data de realización*: mes de setembro de 2021.

*Avaliación da execución*. Os/as estudantes que acudiron a sesión de acollida dos graos informaron na titoría que, na sesión de acollida, recibiron información útil para o seu manexo, nas primeiras semanas no centro.

En xeral, as xornadas tiveron moi boa acollida, dado que asistiu un número importante de estudantes de cada un dos títulos do centro.

### SUBLOQUE. ACCIÓNS ESPECÍFICAS DO PAT-ANEAE

#### Accións destinadas a estudantes de inicio de titulación

*Actividade 1. Realizase unha sesión sobre linguas estranxeiras*

*Descrición*. Os/as profesores/as titulares de linguas estranxeiras explicaron a necesidade de manter e realizar, de forma continua, actividades vencellas a lingua estranxeira para manter as competencias.

*Lugar e día de realización*. Levouse a cabo, de forma virtual, na aula 4.3 o día 08/10/2021 de 9:30-9:40 para os estudantes de 1º, dos títulos do Grao en Educación Primaria e de Educación Infantil.

*Avaliación da execución*. A participación dos/as estudantes foi baixa, aínda que os/as que asistiron a sesión informan, na enquisa que cumprimentaron, que estaban satisfeitos e que, atendendo as indicacións, realizarán algunha actividade para manter activas as súas competencias vencelladas a lingua estranxeira.

*Suxestión de mellora*. Sería recomendable facer unha proposta inclusiva na sesión de acollida para as titulacións específicas, as que está destinado este contido. Ou ben, poder utilizar un material audiovisual que o alumnado, que tivera interese puidera consúltalo, en calquera momento.

*Actividade 2. Realizase unha sesión informativa sobre AUCE*

*Descrición*. Os responsables de AUCE organizaron un taller e unha exposición con POWE POINT para explicar as diversas actividades e proxectos que posúe a asociación, e as posibilidades que ofrece aos estudantes do campus. Deseñaron e aplicaron dinámicas de grupo para facer máis participativa a sesión, en concreto elaboraron un xogo, a través das TICs, interactivo e un taller de radio.

*Lugar e día de realización*. Levouse a cabo, de forma presencial, na aula 1.4 o día 19/10/2021 de 17:00-18:00 para os estudantes de 1º de Educación Primaria e 18:00-19:00 cos estudantes de 1º de Educación Infantil. Nos títulos de Educación Social e de Traballo Social implementouse a sesión na Sala Emilio Pardo Bazán o día 20/10/2021 ás 9:00-10:00 para o alumnado de Educación Social e ás 10:00-11:00 para os/as estudantes de Traballo Social.

*Avaliación da execución*. No grao de Educación Primaria non acudiu ningún estudante e no grao de Educación Infantil 10, aproximadamente. Sen embargo, nos graos de Educación Social e de Traballo Social si que houbo un maior número de estudantes, en torno a 60, apreciándose un porcentaxe significativamente superior no grao de Traballo Social. Os/as asistentes valoraron positivamente a información proporcionada por AUCE.

*Suxestión de mellora*. Contemplar a posibilidade de vencellar esta actividade a algunha materia dos graos dos títulos, na que se poida presentar a asociación de forma lúdica e práctica, preferentemente a primeira semana de docencia, dado que é cando interrompe menos.

*Actividade 3. Formación autónoma sobre o funcionamento da biblioteca*

*Descrición*. Nos graos propúxose un curso *online* vencellado a colaboración de distintos profesores das titulación, que son quen establecen as datas de inicio e finalización do curso *Infórmate coa Biblio!!* Este trata de facilitar o seu coñecemento, funcionalidade e recursos dos que dispón a biblioteca.

No *Mestrado En Dificultades De Aprendizaxe E Procesos Cognitivos* e no mestrado en intervención multidisciplinar na diversidade en contextos educativos realizouse, no mes de setembro, dúas sesións para proporcionar información sobre os recursos e servizos, que lle ofrece a Biblioteca.

*Avaliación da execución.* A participación dos estudantes nos graos non foi moi alta.

*Propostas de mellora*. Suxírese que participación na formación sobre a normativas de citación teña un valor no proceso de avaliación das materias, como incentivo na participación.

*Actividade 4. Información e orientación laboral*

*Descrición***.** Fundamentalmente a coordinación do título de *Mestrado en dificultades de aprendizaxe e procesos cognitivos* trasladouse información mediante a plataforma MOOVI, email, oralmente na aula, web do mestrado sobre as bolsas de formación, programas de mobilidade, habilitación do mestrado de dificultades e aprendizaxe para impartir docencia en centros privados, convocatorias de oposición e de bolsas de traballo.

*Data*. Durante o 1º cuadrimestre do 2022 segundo proceda

**Accións destinadas a estudantes que non inician titulación**

*Actividade 1. Instrución e seguemento do prácticum.*

*Descrición***.** O coordinador/a do prácticum **dos graos de Educación Infantil e Primaria** presentou, de forma virtual, o prácticum aos estudantes de 4º curso dos graos. O coordinador **do Grao de Traballo Social** informou de, forma presencial, das directrices fundamentais do prácticum. O/A coordinador/a do **mestrado en intervención multidisciplinar na diversidade en contextos educativos**, presentou de forma presencial, información e formación específica sobre a temática e presentase aos titores/as. No grao de **Educación Social,** o/a coordinador e coordinadora realizaron reunións a finais de maio, cos estudantes que realizaron o practicum neste curso. En concreto, fíxose unha reunión en segundo curso, para preparar o practicum de 3º e outra reunión con 3º para o practicum de 4º.

Posteriormente, cada profesor/a responsable de un grupo de estudantes, titorizou ese grupo de xeito permanente, comézase cunha reunión en xuño, e continuando de forma máis individualizada durante todo o curso seguinte.
*Data de realización*. No mes de novembro

*Actividade 2. Instrución e seguemento do TFM.*

*Descrición*. Seminario sobre a realización do TFM, no **Mestrado en intervención multidisciplinar na diversidade en contextos educativos**, noviembre de 2021. Nesta sesión apórtase información e formación sobre as materias de carácter máis singular (TFM). Ofrécese consello e orientación para favorecer a toma de decisión máis acertada e satisfactoria para efectuar unha execución óptima do TFM.

*Lugar e día de realización*. 2 de decembro 2021 - 11:00 a 14:00 horas - 9 de decembro 2021 – 11.30 a 14.30 horas (sesión en biblioteca) - 16 de decembro 2021 - 11:00 a 14:00 horas.

*Actividade 3. Realízase unha sesión informativa sobre as prácticas extra-curriculares.*

*Descrición*. O técnico de Fundación Universidade explicou, co apoio do POWER POINT, as diversas posibilidades, que existen para realizar prácticas extracurriculares nos títulos de Educación.

*Lugar e día de realización*. Levouse a cabo, de forma presencial, na aula Emilia Pardo Bazán o día 18/11/2021 de 18:30-19:00 para os/as estudantes de 3º e 4º dos títulos de grao en Educación Primaria e Infantil.

*Avaliación da execución***.** A asistencia e participación dos estudantes foi importante, mostrando interese na temática.

*Actividade 4. Realízase unha sesión informativa sobre os programas de mobilidade.*

*Descrición*. O/A coordinador/a dos programas de mobilidade explicou as distintas bolsas de mobilidade, as que poden postularse os/as estudantes e os requisitos e documentación, que deben preparar.

*Lugar e día de realización*. Levouse a cabo, de forma virtual, na sala de estudantes do campus remoto o día 16/12/2021 de 19:00 para os estudantes de 2º e 3º dos títulos de grao en Educación Primaria e Infantil. Nas titulación de Educación Social e Traballo Social desenroláronse o día 14/12/2021 ás 19:00 horas nas titulación de Educación Social e Traballo Social.

*Avaliación da execución***.** A asistencia e participación dos estudantes foi importante, mostrando interese na temática.

*Actividade 5. Realizase unha sesión informativa sobre o bo trato na infancia e adolescencia*

*Descrición*. A técnica de Formación en prevención de abuso sexual infantil de AMINO e FAPMI especializado, co apoio da coordinación do PAT-ANEAE e coordinadoras dos graos de educación infantil e primaria, explicou guiándose polos contidos do POWER POINT os seguintes descritores: maltrato infantil, abuso sexual infantil e bo trato. En concreto, no grao de Traballo Social e Educación social, a conferencia versou sobre "Programa de prevención do maltrato e explotación sexual". Na titulación dos graos de Educación Infantil e Primaria versou sobre "Programa de promoción do bo trato á infancia e adolescencia".

*Lugar e día de realización*. Levouse a cabo, de forma virtual, na sala 4.3, no mes de outubro no caso das titulación dos graos de Educación Infantil e de Educación Primaria. Nas titulación de Traballo Social e Educación Social realizouse no mes de novembro.

*Avaliación da execución***.** A asistencia e participación dos estudantes non superou os 50; no obstante, cabe significar que os que acudiron mostraron interese polos materiais psicopedagóxicos específicos, que lle achegou a técnica.

# INFORME: ACIÓNS PAT 2º cuadrimestre curso 2021-2022

## 1.Presentación

As accións do 2º cuadrimestre do PAT-ANEAE están dirixidas a todo o estudantado dos graos e mestrados da Facultade de Educación e do Traballo Social de Ourense, aínda que se apoia moi especialmente aos estudantes de novo ingreso e aos PIUNE. De forma adicional e máis específica, realizáronse sesións de orientación académica dirixidas a preparar aos estudantes, particularmente os de 2º curso sobre a elección do itinerario académico vencellado as mencións dos graos de Educación Infantil e de Educación Primaria. De forma complementaria, ofrécense xornadas formativas de inserción laboral, particularmente aos estudantes de 4º, aínda que se posibilita esta oferta formativa a estudantes doutros cursos (i.e., 2º dos graos de educación infantil e de educación primaria). Tamén, se traballou cos estudantes de 4º curso para que abordaran, de forma eficaz e autónoma, as aprendizaxes adquiridas nas materias dos respectivos plans de estudos (i.e., TFG e Practicum). Por último, crease unha comunidade virtual que permite establecer unha cale de comunicación rápida e fluída entre os/as delegados/as de aula e coordinadores de curso e coordinación PAT-ANEAE. Trabállase cos delegados/as de aula para crear unha rede cos/as estudantes, en especial cos que están en cursos superiores a 1º, de cara a incentivar a motivación polas accións do PAT-ANEAE.

## BLOQUE 1. ACCIÓNS TRONCAIS DO PAT-ANEAE

### Accións destinadas a estudantes de inicio de titulación

#### Actividade 1.-Reunión dos/as titores/as do PAT-ANEAE e o grupo de os/as estudantes titorizados/as.

*Descrición*. Cada titor/a mantivo unha segunda reunión co seu alumnado para valorar a marcha do curso académico, recoller as achegas que permitan mellorar o funcionamento da Facultade e dos Títulos, ademais de ofrecerlle orientacións de cara ao vindeiro curso académico. Tamén, se avalía e a percepción, que teñen do funcionamento do PAT-ANEAE, tratando de coñecer se o valoran como unha ferramenta útil. Lévase a cabo unha actividade de orientación e apoio en cuestións académicas relativas aos contidos, actividades e avaliacións das materias e as demandas dos/as estudantes. Esta acción está dirixida a todo o alumnado do centro, a cal é realizada polos distintos docentes das materias de cada un dos graos e dos mestrados.

*Avaliación da execución*. A acta conxunta por títulos recolle as fortalezas e debilidades detectadas no PAT-ANEAE.

En xeral, os/as titores e o profesorado do centro advirten da necesidade de dar maior visibilidade ao PAT-ANEAE, en especial cursos superiores a 1º.

#### Actividade 2.-Reunión coordinador/a do PAT-ANEAE e os/as delegados de curso.

*Descrición*. O/A coordinador PAT-ANEAE remitiu un correo aos estudantes que foron elixidos como delegados de AULA, xunto coas coordinacións dos títulos de grao da Facultade de Educación e do Traballo Social, onde se abordaron e se acordaron distintas medidas para mellorar o funcionamento do PAT-ANEAE (ver Acta, Anexo II).

*Data de realización*: 03/06/2022 na aula 1.4

*Avaliación da execución*. Os delegados/as de aula acordaron participar na xestión das accións do PAT-ANEAE, e propoñer accións formativas multidisciplinares, que acollan os intereses dos estudantes da Facultade de Educación e Traballo Social.

**BLOQUE 2. ACCIÓNS INFORMATIVAS DE INTEGRACIÓN**

**Accións destinadas a estudantes que non inician titulación**

**Actividade 1. Información e orientación laboral no extranxeiro**

*Descrición*. A coordinación de Título e coordinación de PAT-ANEAE difunden nos medios de comunicación a iniciativa da Facultade de informar de ofertas laborais no extranxeiro para os estudantes do Grao de Educación Infantil, a través da conferencia de *GlobalWorking*.

*Data de realización:* 23/02/22, na Sala Emilia Pardo Bazán

*Valoración*. Esta actividade só acudiron un número moi reducido de estudantes de 4º de Educación infantil, aínda que os asisten recoñecen como positivo ter esta información para tomar decisión sobre os estudos complementarios ao grao (i.e., dominio doutro idioma como pode ser o alemán).

*Recomendacións de cara o futuro*. Incluír nas xornadas sobre linguas extranxeiras, que se realiza en 1º curso, a necesidade de planificar a formación de cara algunhas ofertas laborais no extranxeiro, como sería no caso de Alemania. Por tanto, recoméndase ofrecer esta información nos cursos iniciais.

**Actividade 2. Información e orientación sobre o Practicum dos graos de Educación Infantil e de Primaria**

*Descrición*. O Sr. Decano da Facultade de Educación presenta aos 85 estudantes a acción informativa sobre o Traballo Fin de Grao e sobre o Practicum o día 14 de marzo de 2022 ás 18:00 horas na Sala Emilia Pardo Bazán e, por extensión, aos seus relatores/as. Tamén, explica e presenta, brevemente, as bolsas, que financia a Facultade, para realizar prácticas no rural. Asimesmo, fai un breve recorrido por otras bolsas de mobilidade, as que poden acollerse e que están vencelladas ao prácticum. Seguidamente, a coordinación do PAT_ANEAE presenta esta acción de formación específica dentro do cronograma de actividades, recordando a continuidade do apoio do PAT, ao longo da súa carreira académica. Posteriormente, a prof. Coordinadora do Traballo Fin de Grao (TFG) describe aspectos administrativos e académicos asociados a realización desta materia. Neste punto, incídese na importancia da autoría do TFG e na política antiplaxio da Facultade. De forma complementaria, as profesoras e coordinadoras do Prácticum dos graos de infantil e de primaria detallan os distintos pasos, que deben realizar os/as estudantes, antes de cursar o PRACTICUM. Tamén se incide na necesidade de adoptar unha actitude responsable e honesta cando se fai a solicitude na institución educativa acolledora. Recoméndase que no caso de querer realizar prácticas extracurriculares se soliciten e se fagan en 3º, en tanto que en 4º a normativa non o permite. As coordinadora do grao de Educación Primaria precisa que na selección do centro, ademáis da proximidade, teñan en conta otras variables que definen o perfil educativo e metodolóxico do centro (i.e., modelos pedagóxicos aplicados, dinámicas do equipo docente,…). A coordinadora de Educación Infantil presenta o programa de prácticas da Fundación Princesa de Girona, concretando as súas características e expón o caso dunha estudante egresada, que obtivo e finalizou con éxito esta convocatoria. Finalmente, as relatoras contestan as diferentes dúbidas que suscitaron as cuestións abordadas.

*Data*. 14 de marzo de 2022, , na Sala Emilia Pardo Bazán

*Valoración*. En liña xerais, a acción formativa tivo moi boa acollida, en tanto que a participación foi moi significativa e, por tanto, resulta representativa da poboación total a que ía destinada (3º Grao Ed. Primaria; 2º e 3º de Ed. Infantil). Por outra parte, os estudantes que participaron na enquisa de valoración da acción indican, que a información recibida sobre Prácticum resolveu as súas dúbidas, ao igual que a recibida sobre o TFG. Sobre a duración da sesión tamén se pode apreciar que a distribución do tempo foi axeitado, así o transmiten a maioría dos entrevistados. Segundo indican, a sesión cumpriu amplamente coas expectativas, é polo tanto recomendarían acudir a esta acción. Agora ben, algúns asistentes incidiron en algunhas cuestión relacionadas co tempo (i.e., "acortar a duración", "ir ao concreto", "tela antes", "duración da sesión"), cos contidos (i.e., +sobre prácticum, +profundidade, -normativa, +experiencias de estudantes que pasaron por TFG e Practicum, +Información convenios, +TFG temáticas) e tamén puntualizaron algún temas que podían resultar de interese (i.e., (+oposición, +prácticas extracurriculares antes, +listaxe profesores e colexios, +listaxe de escolas rurais). No que respecta a vías de información polas que descubriron a existencia desta sesión, os entrevistado responderon de forma predominante a través do WhatsApp, correo electrónico e por último pola carteleira colgada na Facultade.

### Actividade 3.1. Información e orientación laboral

*3.1.1. Formación nos graos*

*Descrición***.** A sesión informativa ofrece una amplo abano de posibilidades, que ofrece o mundo laboral vencellado a Educación, dende o emprego público ata o emprendemento. Toda esta información aparece recollida no díptico, que traslada a coordinación dos títulos dos Graos de Educación Infantil e de Educación Primaria aos estudantes de 2º e 4º.

*Data*. 06/04/2022, na Sala Emilia Pardo Bazán

*Valoración*. Esta actividade foi valorada moi positivamente, tal e como evidencian os datos obtidos da enquisa de valoración que cumprimentaron os/as estudantes que asistiron. En concreto, o 54.6% dos estudantes déronlle unha puntuación moi favorable (entre 4 e 5) a utilidade da xornada (ver Taboa 2). Asemade, o 45,5% reflexan que as xornadas cumpriron moi por positivamente ás súas expectativas (ver Taboa 3).

Taboa 2. Opinión dos estudantes que participaron nas xornadas sobre a utilidade da información sobre saídas profesionais.



Taboa 3. Opinión dos estudantes sobre se as xornadas cumpriron coas súas expectativas.




*3.1.1. Formación nos mestrados*

*Descrición*. O coordinador do PAT do Mestrado en intervención multidisciplinar na diversidade en contextos educativos difunde a información sobre as "Xornadas sobre orientación e saídas profesionais", na que participan D. Pedro Fírvida Diz coa ponencia "O autoemprego: fórmulas, incentivos e axudas", Dona Ana Hernández Escobar coa ponencia "O traballo social exercido dende a iniciativa privada: clientes colectivos e individuais", e Paz Gonçalvez López coa ponencia "Escolas vinculadas á natureza para transformar a educación".

*Data*. 15/03/2022 dende 16:00 a 19:00 campus remoto. Sala de Xuntas 6.

**Actividade 3.2. Información e sobre as mencións**

*Descrición***.** Fundamentalmente a coordinación do título do Grao de Educación Infantil informan de cada un dos itinerarios das mencións e das implicacións, que a elección vai a ter, para súa carreira profesional (i.e., oposicións, traballo en centros privados).

*Data*. 14/03/2022, na Sala Emilia Pardo Bazán

*Valoración*. Esta actividade foi valorada moi positivamente, tal e como evidencian os seguintes datos.

Tabla 4. Opinión dos estudantes sobre se a información recibida sobre as mencións.




**Actividade 4. Reunión informativa Eramus**

*Descrición*. O coordinador dos programas de mobilidade reuniuse cos solicitantes de Intercambios para resolver dúbidas sobre os contratos de estudos.

*Data:* 30/06/2022 ás 18 horas

*Valoración*. Esta actividade aclarou moitos aspectos e resultou moi positiva para os asistentes.

## ANEXO I. ACTAS TITORES 1º CUADRIMESTRE

## ACTAS DA REUNIÓN DE AXENTES IMPLICADOS NO PAT

Universida de Vigo

Facultade Educación e Traballo Social
Campus de Ourense
32004 Ourense
Tel. 988 387 101
Fax 988 387 159
sdexbo@uvigo.es

Reunidos a coordinación do PAT-ANEAE (curso 2021/2022) e os/as titores/as na aula Virtual 3.1 do Campus Remoto da Uvigo, dende ás 16:00 ata ás 18:00 horas do día 4 de outubro de 2021, especificouse o protocolo a seguir na 1ª reunión co alumnado de 1º curso, sendo os temas que seguen os que se abordarán, a saber:

1º) **PROTOCOLO COVID-19.**

1.1-.Lembrar a importancia de non reunirse nos corredores, nin dentro da aula ou cambios de clase.
1.2.-Recordar a necesidade de mudar a máscara, segundo o modelo que se use.
1.3.-Recordar que no caso de presentar síntomas ou sospeitas acudir ao médico e cando exista informe ou confinamento notificalo ao responsable COVID-19 do centro ao correo xcid@uvigo.es

2º) **PRESENTACIÓN PAT-ANEAE.**

2.1. Resaltar a importancia da continuidade do PAT-ANEAE ao longo da súa traxectoria académica, incidindo e resaltando que o PAT-ANEAE ten deseñadas accións específicas para distintos cursos dos graos de Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Social e Traballo Social. Tamén, resulta convinte destacar que o/a titor/a estará dispoñible para ese grupo ao longo dos 4 cursos académicos. Se ben, en primeiro curso, o labor de titorización é estruturado e secuenciado co grupo de estudantes titorizados e; tamén individual, aínda que neste caso será o estudante o que solicite a titoría. En cursos académicos sucesivos a súa abordaxe será individual e a demanda, tentando redirixir as preguntas ou dúbidas que teñan sobre a súa traxectoria académica ao profesor/a que se ocupe desa cuestión específica (i.e, mencións, prácticum, tfg). Sobre a modalidade de titorización en cursos avanzados, apuntouse que resulta convinte facer referencia ao espazo da web, onde se poden atopar publicados os profesores responsables da coordinación (i.e, coordinadores de curso, coordinadores de TFG, coordinadores de PRACTICUM, coordinadores de curso; coordinador ERASMUS), que serán quen poidan salientar as dúbidas sobrevidas, en cursos posteriores, sobre o TFG, o Practicum, Programa Erasmus.

3º) **CUESTIÓNS ADMINISTRATIVAS.**

3.1.-Lembrar a necesidade de ter correo UVIGO e de usalo habitualmente para cuestións académicas.

3.2.-Lembrar a necesidade de darse de alta nas listas de distribución.

3.3.-Lembrar a importancia de consultar o correo electrónico con frecuencia para estar informado de cuestións relacionadas coa Facultade.

3.4.-Recomendar que miren a páxina WEB e MOOVI PAT para estar informado das accións do PAT.

3.5.-Resaltar a importancia de revisar os datos persoais, en especial os de contacto-teléfono e correo, para facilitar a comunicación co profesorado (i.e., notificación urxente, localización urxente para resolver cuestións relacionadas coa materia). Tamén se recomenda subir unha fotografía á secretaría, xa que facilita a identificación.

**4º) COMUNICACIÓN.**

4.1.- Ter o portavoz da aula como referente para establecer unha comunicación fluída entre alumnado/profesorado.

**NOTA:** Este punto está máis traballado, en cursos académicos previos, nos graos de educación Infantil e de Primaria. A coordinadora do PAT-ANEAE, en cursos académicos anteriores, refire que esta figura xurdiu, de forma natural, para dar resposta a unha necesidade; asemade, confirma o impacto positivo que tivo no referente a participación nas accións do PAT-ANEAE, e na comunicación cos estudantes. A tal efecto, decidiuse traballar tamén esta cuestión nos graos de educación social e de traballo social, estando neste momento en proceso. Polo tanto, a participación dos portavoces de curso de cada grao, de momento, queda relegada a unha cuestión interna e que será manexada pola coordinadora do PAT-ANEAE.

Na reunión xurdiu unha discrepancia con relación á figura dos portavoces; así, a Vicedecana do grao de Educación Primaria precisa que este tema require ser tratado en maior profundidade na xunta de centro. Preténdese debater e concretar neste foro a forma de inclusión da figura de portavoz no PAT-ANEAE, diferenciándoa claramente dos estudantes que representan aos seus compañeiros nos órganos de goberno do centro. Por tanto, trátase de definir o rol que vai desempeñar cada unha desta figuras, de maneira que non xere confusión e ao mesmo tempo facilite o mantemento de ambas, seguindo a normativa da Uvigo. Neste senso, apuntouse que a figura de delegado de grupo/aula xa está funcionando noutros centros da Universidade de Vigo, tal sería o caso da Escola de Enxeñería Industrial.

**5º) ADHERENCIA AOS ESTUDOS UNIVERSITARIOS.**

5.1. Preguntar como están sendo as primeiras semanas na Facultade; necesidades; intereses.

5.2. No caso de advertir posible conflito ou discrepancia nun curso, dar a posibilidade a dialogar e resolver o antes posible esa situación, evitando que o conflito avance e se enquiste e, por suposto, a súa burocratización.

**6º) Outros asuntos que considere relevantes o titor/as**

**Algúns posibles exemplos**

6.1. Incidir nas actividades culturais que ofrece a Universidade no campus de Ourense e que están publicadas no CAMPUS ACTIVO (i.e, aula teatro como formación complementaria, obradoiros, cursos de extensión universitaria), e que tamén ofrece a cidade (i.e., ciclos de cine, arquitectura,..).

6.2. Resaltar a posibilidade de practicar deporte de xeito moi económico nos centros que ten convenio a Universidade de Vigo, que tamén están dispoñibles no CAMPUS ACTIVO.

6.3. Vías para manter a lingua estranxeira traballado en cursos previos.

**6º) Cerre da sesión.** Informar da próxima reunión de grupo en marzo e a posibilidade de que o/a estudante solicite unha reunión individual, no caso de ser preciso.

Recoméndase ler a acta aos estudantes e subila o antes posible para poder coñecer si xurdiu algunha necesidade, de maneira que se poida dar resposta o antes posible. No caso de que se produza recoméndase contactar co coordinador PAT-ANEA para, a través; do diálogo, solvéntalo o antes posible.

**Asisten á reunión**: Mª del Pino Díaz Pereira, Angel, Valentín Iglesias Sarmiento, Francisco Javier García Núñez, Almudena Alonso Ferreiro, Xose Constela Vega, María Mercedes González Vázquez, Ángeles Conde Rodríguez, Ángel Vázquez Dorrío, Ana Iglesias Álvarez, Sara Martínez Carrera, Manuel Isorna Folgar, Jesús Deibe Férnández Simo, María Victoria Carrera Fernández, Xosé Manuel Cid Fernández, Rubén González Rodríguez, Yolanda García Vázquez, Paula Frierio Padín, María José Vázquez Figueiredo

**Escusa a súa presenza:** Mónica López Viso, Raquel Vázquez Pérez, Yolanda Rodríguez Castro, María Ainoa Zabalza Cerdeiriña, María del Mar García Señorán, Sonia Alfonso Gil.

VAZQUEZ FIGUEIREDO MARIA JOSE - 44458093J

Firmado digitalmente por VAZQUEZ FIGUEIREDO MARIA JOSE - 44458093J
Fecha: 2021.10.07 11:26:35 +02'00'

| RESUMO DAS ACTAS DOS TITORES/AS DO GRAO DE EDUCACIÓN INFANTIL | |
|---|---|
| Data | 1º cuadrimestre |
| Titulación | Grao de Educación Infantil. |
| Titores que subiron as actas | Valentín Iglesias Sarmiento<br>María del Pino Díaz Pereira<br>Sonia Alfonso Gil<br>Francisco Javier García Núñez<br>Almudena Alonso Ferreiro<br>A acta de María Zabalza foi xestionada por Almudena Alonso Ferreiro ao igual que a 1ª reunión |
| Necesidades detectadas nos informes dos titores | ***Xestións administrativas que afectan a docencia:***<br><br>**Fan constar as dificultades mostradas para con-validar as materias**. Este proceso demórase habitualmente no tempo e implica unha incorporación tardía ás materias.<br><br>Tamén expresan certo malestar por non haber podido contar cos profesores dende o primeiro día do curso de algunhas materias (i.e., **Psicoloxía do Desenvolvemento e Lingua española)**. Explicóuselle que o problema vén vinculado á xestión das listas de agarda. **En todo caso, parece necesario axilizar estes temas no futuro.**<br><br>***Docentes, xestión e coordinación docente das materias:***<br><br>**Demanda. Coñecer os criterios de avaliación da parte que corresponde a teoría da materia, en concreto** "expresouse como inquedanza o desenvolvemento do sistema de avaliación nunha das materias de 1º de educación social**.** O alumnado non sabe cales son os criterios empregados na corrección das probas tipo test que resolven despois de cada sesión teórica. Estas probas forman parte da avaliación final da materia, de tal xeito que si aproban estes test e os traballos dos grupos B e C, non terían que facer o exame da materia en xaneiro. Por elo lles resulta imprescindible coñecer os criterios empregados nesas correccións"<br>**Resposta a demanda**, a coordinación do PAT-ANEAE trasladou a necesidade detectada ao profesorado da materia, por medio dun correo electrónico o día 10/12/2021. O/A profesor/a responde de forma rápida e clara 13/12/2021 a dúbida recalcando: "os criterios empregados foron comunicados na aula a inicio de curso. Todos os criterios de avaliación coa ponderación de cada unha das partes está recollida en DocNet e a disposición do alumnado en Moovi. As preguntas correctas puntúan, as incorrectas descontan e as deixadas en branco non puntúan". Despois de cada proba o alumnado ten acceso á puntuación, as preguntas correctas e a explicación das incorrectas". O/a titor/a traslada a resposta ao grupo de estudantes poñendo en copia da xestión a coordinación do PAT. Asemade, o profesor da materia comunica, a través dun correo electrónico, que o día 13/12/2021 aborda novamente dentro da aula os criterios da avaliación da materia.<br><br>**Demanda.** Xestionar a carga de traballo, por falta de coordinación nas entregas. Obsérvase falta de coordinación entre as materias na carga de traballos (non corresponde aos contados). En especial nunha materia que mudou de profesor.<br>**Resposta a esta última demanda concreta**. A coordinadora do PAT-ANEAE, remite un correo o/a profesor/a que imparte a docencia para que este informada da necesidade de que se flexibilicen os prazos das entregas. **Resposta da demanda.** A profesora da materia contacta por teléfono e responde e aclara todas as cuestións referidas na ACTA do/a titor/a. En síntese, indica que empregou GOOGLEDRIVE; porque no momento da súa incorporación a docencia non dispoñía de acceso a MOOVI. Con relación a necesidade de flexibilizar as entregas refire que sempre tivo en conta as necesidades específicas dos estudantes, chegando incluso a ampliar prazo do traballo final. Tamén responde no correo, de forma máis concreta, indicando o que segue:<br>"-A utilización de Moovi non foi posible cando empecei a docencia, non estaba de alta e non me aseguraban que a miña alta fora rápida, por esta razón e para facilitar o antes posible o material ao alumnado e a comunicación comigo por iso habilitei unha conta de google DRIVE". Durante o resto |

| | |
|---|---|
| | do cuadrimestre non se me comunicou a miña alta na plataforma MOOVI e polo tanto continuei a docencia a través de Drive.<br>-As datas dos traballos fóronse establecendo a medida que avanzaba a materia en coordinación co alumnado, na clase preguntaba unha data para o traballo e se poñía de xeito máis ou menos consensuado. O único traballo que tiña data fixa era o que propuxo a profesora titular da materia e que eu mantiven con algunhas modificacións. Dito traballo estaba fixado para o 14 de decembro e foi modificado pola solicitude de algúns alumnos na última clase ate o día 17 de decembro".<br>Tamén se recolle "Problemática nalgunhas materias". O titor/a comprométese a estar pendente da evolución destas cuestións. A coordinación do PAT-ANEAE ponse en contacto co/a titor/a da materia.<br>**Demanda.** Os estudantes solicitan ter máis feedback dos traballos realizados, así indican que 3 de cada 5 non reciben retroalimentación.<br>**Demanda.** Axustar os horarios de tal modo que permitan ter unha xornada de docencia máis continua.<br>***Plan PIUNE***<br>Solicitan información sobre o PIUNE, en resposta a profesor/a titor/a acorda informar ao estudante do programa de apoio.<br>***ERASMUS***<br>Solicitan información sobre os tipos de ERASMUS e os destinos, así como o proceso que deben seguir para a solicitude, algunhas/os estudantes indican que lles gustaría ir para o vindeiro curso académico.<br>***VOLUNTARIADO***<br>Desexan obter máis información sobre o voluntariado. Como é o proceso, como inscribirse e como funcionan o recoñecemento de créditos. |
| Aspectos destacados en positivo nos informes dos titores | Docentes, xestión docente das materias:<br>Non se aprecia falta de coordinación entre os contidos das materias.<br>Un grupo indican que coñecen o PIUNE-NEAE, sen embargo noutro grupo o/a titor/a refire que solicitan máis información sobre o PIUNE, e o/a titor/a acorda resolver as cuestións presentadas.<br>Refiren que non presentan dúbidas sobre as cuestións administrativas, aseguran que lles quedou claro nas xornadas de acollida. |
| **INCIDENCIAS SALIENTABLES** | **O emprego de GOOGLE DRIVE como vía para completar traballos non garante que os datos privados dos estudantes non vaian a ser empregados por GOOGLE, por tanto recomendase recorrer a outra ferramenta que a UVIGO ten dispoñible como pode ser MOOVI. Esta cuestión pode ser de interese abórdalo cos coordinadores de grao, moi especialmente de cara a formación específica no profesorado.**<br>**Asemade, a coordinadora de 1º subliña a importancia de ter seguimento dos cronogramas, en especial das materias que requiren incorporar profesorado temporal e novo no grao.** |
| **NOTIFICACIÓN DAS INCIDENCIAS SALIENTABLES QUE PODEN ENMENDARSE** | Advírtese a necesidade de subir a ACTA NUNHA DATA PRÓXIMA A REUNIÓN, e informar ao coordinador/a do PAT-ANEAE daquelas cuestións que poden ser corrixidas, tras a súa detección na reunión PAT-ANEA (estudante-titor/a). |

| RESUMO DAS ACTAS DO TITORES/AS DO GRAO DE EDUCACIÓN PRIMARIA | |
|---|---|
| **DATA** | 1º cuadrimestre |
| **TITULACIÓN** | Grao de Educación Primaria. |
| **TITORES/AS QUE SUBIRON AS ACTAS** | María del Mar García Señorán<br>Xosé Constela Vega<br>María Mercedes González Vázquez<br>Ángeles Conde Rodríguez<br>Ángel Vázquez Dorrío<br>Ana Iglesias Álvarez |
| **NECESIDADES DETECTADAS NOS INFORMES DOS/AS TITORES/AS** | ***1) Contextualización e mapeo dos espazos***<br>**Localización.** Un/ha titor/a recolle que, de forma particular, un/ha estudante refire que ten dificultades para localizar os despacho, edificios e espazos en xeral.<br>**Resposta que se traslada decanato**: Recoméndase que na sesión de acollida se proporcione un plano do campus, que incluía información que facilite a localización dos servizos que teñen que empregar os estudantes.<br><br>***2) Organización dos espazos***<br>**Aforo grupos A**. Mostran preocupación polo número de estudantes que hai nas aulas dos grupos grandes, e que esta situación se repita nos exames.<br><br>**3) *Docencia, xestión das materias***<br>**Retroalimentación.** Os estudantes informan que precisan ter feedback sobre as prácticas e traballos entregados, salvo nunha materia non teñen ningunha valoración.<br>**Prácticas.** Os estudantes demanda máis traballos prácticos.<br>**Clarificación de criterios de avaliación en materias impartidas por varios docentes.** Indican que nunha materia a docencia é impartida por varios docentes, e empregan distintas metodoloxías e non teñen claro como será a avaliación.<br><br>***4) Coñecemento e familiarización cos programas de mobilidade***<br>Gustaríalles recibir orientación sobre ERASMUS en primeiro curso, de cara a preparar o idioma necesario. **O interese dos/as estudantes de 1º polo ERASMUS foi recollido por varios titores/as.** Sobre esta cuestión algún/ha titor/a informa de forma xeral sobre os programas de mobilidade SICUE e ERASMUS.<br><br>***5) Xestión da docencia a través da plataforma***<br>**Demanda**. Un/ha titor/a recolle que, de forma particular, un/ha estudante refire que ten dificultades para traballar cos contidos das materias que se expoñen na MOOVI, dado que se empregan distintas estruturas e organización.<br><br>***6) Xestión información cos estudantes***<br>Un/ha titor/a, tras empregar varios correos e alternativas de xestión para fixar unha reunión cos estudantes titorizados, notifica a coordinación do PAT-ANEAE dita dificultade e coa colaboración da coordinadora de Grao notifícase a través do delegado de curso a convocatoria, obtendo un resultado positivo tanto na resposta dos estudantes ao correo como na asistencia a reunión do PAT-ANEAE.<br><br>***7) Xestión dos expedientes dos estudantes e outras cuestións administrativas.***<br>**Demanda.** En particular un/ha estudante pregunta ao titor/a polo recoñecemento das materias asociadas ao título de FP.<br>**Resposta a demanda.** A/O titor/a remite a dúbida aos responsables administrativos e envía ao interesado a resposta a cuestión presentada na reunión de titoría.<br>**Demanda.** Preguntan como xestionar a alta para a notificación das notas ao móbil.<br>**Resposta a demanda.** A/O titor/a remite a dúbida a coordinadora de grao e a prof. Almudena, e envía aos interesados a resposta a cuestión presentada na reunión da titoría. |
| | ***Docentes, xestión do centro:*** |

| | |
|---|---|
| **ASPECTOS DESTACADOS EN POSITIVO NOS INFORMES DOS/AS TITORES/AS** | Os/as estudantes que acoden as reunións móstranse satisfeitos/as coa titulación (cuestión que foi recollida por varios titores/as: "superando as súas expectativas"). Así, valoran positivamente a proximidade do profesorado, en concreto, a interacción estudante-profesor. |
| **INCIDENCIAS SALIENTABLES** | **A dificultade para poder comunicarse cos estudantes-titorizados foi resolta satisfactoriamente, trala notificación a través do delegado de curso, o que pon de relevo a importante función que desempeñan os delegados para o bo funcionamento do PAT-ANEAE.** |
| **NOTIFICACIÓN DAS INCIDENCIAS SALIENTABLES QUE PODEN ENMENDARSE** | Advírtese a necesidade de subir a ACTA NUNHA DATA PRÓXIMA A REUNIÓN, e informar ao coordinador/a do PAT-ANEAE daquelas cuestións que poden ser corrixidas, tras a súa detección na reunión PAT-ANEA (estudante-titor/a). |

| RESUMO DAS ACTAS DO TITORES/AS DO GRAO DE EDUCACIÓN SOCIAL | |
|---|---|
| Data | 1º cuadrimestre |
| Titulación | Grao de Educación Social. |
| Titores/as que subiron as actas | Sara Martínez Carrera<br>Deibe Fernández Simo<br>María Victoria Carrera Fernández<br>Yolanda Rodríguez Castro<br>Manuel Isorna Folgar<br>Xosé Manuel Cid |
| Necesidades detectadas nos informes dos/as titores/as | ***Docentes, xestión e coordinación docente das materias***<br><br>**Sobrecarga.** Notan sobrecarga de traballos **(recollido por máis dun titor/a)**. Propoñen diminuír a carga de traballos solicitados. Tal vez menos traballos aínda que gañen en complexidade. Tamén flexibilidade nos prazos de entrega.<br><br>Facilitar algo máis de tempo nas primeiras semanas de clase para que o alumnado poida coñecerse mellor antes de forma os grupos de traballo.<br><br>**Demanda.** Solicitan información sobre as técnicas de estudo.<br>**Resposta a esta demanda**, o profesor/a titor/a proporciona unha guía que indica como afrontar de forma óptima o tempo de estudo. Asemade, ao comezo do cuadrimestre proporciona referencia bibliográfica focalizada na descrición da vida universitaria.<br><br>***Coñecemento e familiarización cos programas de mobilidade***<br><br>Gustaríalles recibir orientación sobre ERASMUS en primeiro curso, de cara a preparar o idioma necesario. O interese dos/as estudantes de 1º polo ERASMUS foi recollido por dous titores/as<br><br>***Xestión da docencia a través da plataforma***<br><br>**Demanda.** Trasladar a coordinadora do título para que fale coa profesora da materia de Filosofía Social a active en Moovi ou na Faitic, e que suba os materiais e temas necesarios. E que explique o temario que lles vai a entrar no exame así como o sistema de avaliación. A profesora comunícase ca aula a través dun grupo de WhatsApp.<br><br>**Resposta a esta demanda**, dende a coordinación do PAT-ANEAE informase a profesora da materia de filosofía desta solicitude e acordase activar esta ferramenta nas materias que imparte na semana seguinte a notificación na acta (24/11/201). Asemade, enviase correo a titora, a coordinadora de curso coordinación de calidade para estar informados da xestión. Tras confirmar que se subiron os temas das materias na MOOVI, procédese de novo a informar a coordinación de grao e calidade, así como a titora de que se respondeu positivamente a solicitude feita polos estudantes. |
| Aspectos destacados en positivo nos informes dos/as titores/as | ***Docentes, xestión docente das materias:***<br><br>Os/as estudantes que acoden as reunións móstranse satisfeitos/as coa titulación (cuestión que foi recollida por varios titores/as). Así, valoran positivamente os materias impartidas, a metodoloxía e o bo clima de aula.<br>Perciben unha boa coordinación entre o profesorado das materias.<br>Sinalan coñecer dende a primeira semana a modalidade de avaliación, as datas de entrega das distintas tarefas e o seu valor.<br>Tamén valoran a flexibilidade e as facilidades dadas para o alumnado que no pode asistir presencialmente (utilizando as vantaxes que posibilita o Campus Remoto) |

| | |
|---|---|
| **INCIDENCIAS SALIENTABLES** | **Nun caso presentáronse tres estudantes**, a pesar de empregar varios correos e tras analizar e estudar o horario que sería o mellor. Segundo relatan estudantes que acudiron lle **custa máis facelo ao non coñecer ó titor/a de PAT** e a asistencia aumenta se a reunión de PAT se fai antes do inicio das clases ou cando estas rematan. |
| **NOTIFICACIÓN DAS INCIDENCIAS SALIENTABLES QUE PODEN ENMENDARSE** | Advírtese a necesidade de subir a ACTA NUNHA DATA PRÓXIMA A REUNIÓN, e informar ao coordinador/a do PAT-ANEAE daquelas cuestións que poden ser corrixidas, tras a súa detección na reunión PAT-ANEA (estudante-titor/a). |

| RESUMO DAS ACTAS DO TITORES/AS DO GRAO DE TRABALLO SOCIAL | |
|---|---|
| Data | 1º cuadrimestre |
| Titulación | Grao de Traballo Social. |
| Titores que subiron as actas | María José Vázquez Figueiredo<br>Mónica López Viso<br>Raquel Vázquez Pérez<br>Rubén González Rodríguez<br>Yolanda García Vázquez<br>Paula Frieiro Padín |
| Necesidades detectadas nos informes dos titores | ***Docentes, xestión e coordinación docente das materias:***<br><br>O estudantado demanda que a docencia sexa **máis práctica.**<br><br>**Sobrecarga.** Notan cambio ao inicio de curso, especialmente pola carga de traballo ao inicio de curso, que require organizarse nos traballos (este aspectos foi recollido por alo menos 3 titores/as). Consideran que non é fácil reunirse e atopar tempos e espazos para desenvolver este tipo de traballos.<br>Propoñen unha modalidade integrada entre diferentes materias do 1º cuadrimestre do 1º curso, para que se lles dea información conxunta para traballar do mesmo xeito, integrando os diferentes procesos.<br><br>**Varios profesores imparten unha mesma materia.** Apuntan que o que máis lles custou foi adaptarse aos cambios nas materias que teñen dous profesores distintos, subliñando que nalgunha materia tiveron 2 profesores substitutos. (este aspecto foi recollido por máis dun titor/a).<br>En liña co anterior, identifican como situacións de dificultade aquelas nas que o profesorado imparte de xeito combinado grupos A, B e C. **Propoñen que un mesmo profesor/a se ocupe de cada tipoloxía de grupo dende o comezo até o final do cuadrimestre**.<br><br>**Instrución das tarefas.** Refiren tamén dificultades para interpretar o que se lles pide, así como no manexo de APA.<br>Quéixanse de que teñan unha devolución en forma de "nota", pero non explicada debidamente para que eles detecten os erros e aprendan a melloralos.<br><br>***Coñecemento e familiarización cos servizos da Uvigo***<br><br>Vista a falla de información que amosa alumnado en relación á existencia de determinados servizos da UVigo, preséntaselles un documento cos enlaces web dos servizos máis relevantes da UVigo. (destacado unicamente por un titor). |
| Aspectos destacados en positivo nos informes dos titores | ***Xestión da docencia a través da plataforma:***<br><br>Están familiarizados coa plataforma MOOVI e informan que todos os docentes a están a empregar. Indican que ningún docente recorre a FAITIC.<br><br>***Docentes, xestión docente das materias:***<br><br>Móstranse satisfeitos cos docentes. |

| | |
|---|---|
| | Optan preferentemente pola docencia mixta (neste cuadrimestre existía a combinación de docencia semipresencial)<br>Manifestan que unha boa organización das materias facilítalles o seguimento do contido e das prácticas.<br>**Valoran positivamente o novo documento de coordinación no que se recolle a avaliación da materia e persoas responsables, xa que pode visualizarse rapidamente.**<br><br>***Xestión e apoio do centro:***<br><br>Parécelles interesante o programa PIUNE<br>As sesións de titoría, xa algún estudantes aproveitaron para coñecer información novidosa, xa que non acudirán a sesión de acollida.<br>Séntense cómodos e acollidos na titulación (recollido por varios titores/as)<br>Algúns estudantes refiren que coñecen moitos aspectos incluídos no recordatorio do PAT-ANEAE a través das sesión de acollida do centro. |
| **INCIDENCIAS SALIENTABLES** | Nun caso non se presentou ningún estudante.<br><br>Nunha reunión aclaratoria co/a titor/a indica que se enviaron varios correos (e en dous ou tres estudantes escusaron a súa asistencia). Tras non acudir ningún estudante o/a titor/a falou con outros profesores da titulación para verificar se tamén houbo dificultades noutros casos. O alumnado coñece o/a titor/a, dado que impartiu docencia no 1º cuadrimestre. **Acordase co/a titor/a que na segunda convocatoria no caso de que tivera problemas recorra a coordinación do PAT-ANEAE para poder proporcionar apoio.** |
| **NOTIFICACIÓN DAS INCIDENCIAS SALIENTABLES QUE PODEN ENMENDARSE** | **Advírtese a necesidade de subir a ACTA NUNHA DATA PRÓXIMA A REUNIÓN, e informar ao coordinador/a do PAT-ANEAE daquelas cuestións que poden ser corrixidas, tras a súa detección na reunión PAT-ANEA (estudante-titor/a).** |

**ANEXO II. ACTAS TITORES 2º CUADRIMESTRE**

**ACTAS DA REUNIÓN DE AXENTES IMPLICADOS NO PAT**


Universidade de Vigo

Facultade da Educación e
Traballo Social

Centro certificado
FIDES-AUDIT

Campus universitario
32004 Ourense
España

Tel. 988 387 170

webs.uvigo.es/educacion-ou
e-mail.: sdexbo@uvigo.es


**ACTA SESIÓN ORDINARIA**
**ACCIÓN PAT-ANEAE. Reunión Delegados de Aula**

O venres, 03 de maio de 2022, sendo as 11:00 horas, na Aula 1.4. da Facultade de Educación e Traballo Social debatéronse cos/coas axentes que participan nas accións do PAT-ANEAE convocados a reunión as seguintes cuestións:

1º) Para conseguir unha maior visibilidade do PAT-ANEAE entre os estudantes da Facultade de Educación e do Traballo Social, e que éste sexa recoñecido como unha ferramenta útil para o desenrolo integral das súas competencias instrumentais, propónense as seguintes medidas, a saber:

1.1.Transmitir e informar dende o inicio de curso dos obxetivos do PAT-ANEAE e das funcións, que desenrolan os/as titores/as do PAT-ANEAE de cada grao.

1.2.Dar máis visibilidade ao coordinador/a do PAT-ANEAE e os/as titores do PAT-ANEAE.

1.3.Incentivar a participación dos/as delegados/as nas nas accións do PAT-ANEAE.

2º) Para lograr ter unha comunicación máis fluida e eficaz entre os axentes implicados no PAT-ANEAE propóñense as seguintes medidas, a saber:

2.1. Crear un espazo de coordinación na MOOVI nos títulos de grao, onde se incluirán os delegados de aula.

2.2. Crear un grupo de whatsapp na que estean os axentes que queiran empregar esta vía para transmitir información, que exclusivamente faga referencia a asuntos do PAT-ANEAE.

2.3. Informar oralmente ao incio dunha clase de información relevante do PAT-ANEAE.

Para levar a cabo estas accións, e segundo a orde do día fixada na convocatoria, os presentes na reunión ACORDARON:

1º) Que a coordinación e os/as titores do PAT-ANEAE, que o desexen adxuntarán a ficha unha foto, que os permita identificar e darlle maior proximidade.

2º) Os/as delegados/as de aula estarán presentes na presentación do PAT-ANEAE, na sesión de acollida ao inio do curso académico.

3º) Os/as delegados/as de aula estarán presentes na presentación que realice o coordinador de cada un dos títulos da Facultade, na sesión de acollida.

4º) Os/as delegados/as de aula participarán e implicaranse na organización da xestions das accións preestablecidas do PAT-ANEAE.

5º) Os/as delegados/as de aula promoverán iniciativas de formación interdisciplinar, na que poidan participar os catro títulos de grao da Facultade. Por tanto, aunaranse os esforzos e as ideas dos/as delegados que representan as distintas titulacións, para extraer unha proposta. Recomendase que alo menos algunha iniciativa debe estar vencellada ao emblema que define a Facultade *Atención a diversidade en distintos contextos*. Asemade, establecéronse 2 accións, unha para cada cuadrimestre.

6º) Os/as delegados de aula reuniranse, de forma presencial ou telemática, para mostrar os interesés temáticos que teñen os seus compañeiros de titulación e seleccionar e diseñar unha proposta de formación inclusiva.

7º) Os/as delegados presentan a súa proposta ao coordinador do PAT-ANEAE e axentes implicados, en especial, a coordinación de títulos da Facultade.

8º) Os/as delegados de aula e coordinación do PAT-ANEAE, así como outros axentes implicados no PAT-ANEAE, reuniranse a finais de decembro para avaliar e valorar o funcionamento do PAT-ANEAE no primeiro cuadrimestre.

9º) Os/as presentes a reunión mostran acordono unanime en empregar como canle comunicación o whatsapp. Para o caso acordase que as persoas que que forman parte do grupo firman consentimento informado no que aceptan a participación e cumprimento do protocolo, que establece que a comunicación será empregada exclusivamente para as accións do PAT-ANEAE (Adxúntase o consentimento informado. Anexo I).

***ASISTENTES***: **PDI:** María José Vázquez Figueiredo (coord PAT-ANEAE), Ana María Iglesias Alvarez (coord GRAO EDUCACIÓN PRIMARIA), María Isabel Mociño González (Coord GRAO EDUCACIÓN INFANTIL). **Escusan a súa ausencia:** María Victoria Carrera Fernández, Xose Manuel Cid Fernández.
**Delegados/as de aula:** Sandra González Viana (2º Educación Infantil), Álvaro Herves Fortes (3º Educación Primaria), Chasua González Losada (2º Educación Primaria), Tania Pérez López (1º Educación Social), Alicia Sánchez Vergueira (3º Traballo Social), Carla Andrea Pérez Rodríguez (2º Educación Social). **Escusan a súa ausencia:** Rodríguez Pereira Lucía (1º Traballo Social), Gandón Avión, Sara (3º Educación Social).

E para que así conste aos efectos oportunos, firmase a presente

A COORDINACIÓN PAT-ANEAE

María José Vázquez Figueiredo

<table>
<tr><th colspan="2">RESUMO DAS ACTAS DOS TITORES/AS DO GRAO DE EDUCACIÓN INFANTIL</th></tr>
<tr><td>Data</td><td>2º cuadrimestre</td></tr>
<tr><td>Titulación</td><td>Grao de Educación Infantil.</td></tr>
<tr><td>Titores que subiron as actas</td><td>Valentín Iglesias Sarmiento<br>María del Pino Díaz Pereira<br>Sonia Alfonso Gil<br>Francisco Javier García Núñez (pendente)<br>Almudena Alonso Ferreiro<br>A acta de María Zabalza foi xestionada por Almudena Alonso Ferreiro ao igual que a 1ª reunión</td></tr>
<tr><td>Necesidades detectadas nos informes dos titores</td><td>Docentes, xestión e coordinación docente das materias:<br><br>Demanda. Os horarios no facilitan a xestión eficiente da vida dos estudantes (2 titor), indican que algúns días no 2º cuadrimestre teñen que vir ao centro só por 1 hora. Refiren que tamén repercute negativamente nas súas rutinas de alimentación, de modo que cada día deben comer a distintas horas.<br>Resposta a demanda. A/o titor/a explica que a organización dos horarios estaba suxeito aos requirimentos da aplicación do protocolo COVID-19. A pesar desta explicación o/a titor/a traslada esta necesidade a coordinación do PAT-ANEAE, a coordinación da Titulación. Neste caso, acordase estudar, xunto co Equipo Decanal, de forma profusa, os horarios do vindeiro curso académico, tendo en conta tanto as necesidades dos estudantes como os recursos dispoñibles do centro, de maneira que se poida ofrecer una alternativa que se axuste as posibilidades de ambos colectivos. Procurarse dar unha resposta na elaboración dos próximos horarios, os cales non se regulan por condicións da COVID-19, como ata momento actual.<br><br>Demanda. Solicitan que os exames se inicien unha semana despois de rematar a docencia.<br>Resposta a demanda. O/a titor/a traslada esta necesidade a coordinación do PAT-ANEAE, e a coordinación da Titulación. Inicialmente, a coordinación da Titulación no percibe que quitar unha semana de docencia facilite a axeitada carga de traballo dos estudantes; no obstante, se estudarase.<br><br>Demanda. Existe descontento pola modus operandi dun/ha docente, no tócante a explicación que fai sobre a metodoloxía que se emprega nos grupos C, como no trato que ten cos estudantes. O grupo refire que se sentiu maltratado polas verbas que a docente emitiu durante o exercicio da súa clase.<br>Resposta a esta demanda concreta. A coordinadora do PAT-ANEAE, remite un correo a coordinación do grao, a xefa do departamento e coordinación do PAT-ANEAE para estudar o caso. Decidiuse poñer en coñecemento da profesora este malestar nos estudantes, que axudada pola coordinación da materia emendou a falta de información sobre as cuestións organizativas e informativas sobre a metodoloxía. A coordinación fixo seguimento e apoio aos estudantes para que estes puideran percibir que se lles escoitou e que o seu testemuño ten valor. Por outra banda, a coordinación mantivo reunións coa docente e manifestoulle a necesidade de desculpar o seu proceder na práctica. Despois de varias reunión os estudantes sentíronse amparados pola coordinación e mostraron unha actitude favorable de cara a continuar coa súa formación. A dirección do departamento informa que está pendente, en todo momento, e tamén buscará unha solución, de cara o próximo curso académico.<br><br>Demanda. Valoran negativamente (con algunha excepción) a formación que reciben, en tanto que observan disonancia entre as metodoloxías, que fomentan e as que empregan na aula. Tamén refiren que non teñen experiencias que lle permitan ver a parte aplicada da materia.<br>Resposta a demanda. O/a titor/a traslada esta necesidade a coordinación do PAT-ANEAE, e a coordinación da Titulación, e estudiarase a forma de incorporar fórmulas na docencia que faciliten aplicación práctica da teoría. Así, unha das liñas de acción que se emprenderán dende área de</td></tr>
</table>

| | |
|---|---|
| | calidade será incentivar que os docentes participen, empregando a aula laboratorio de educación infantil, en experiencias prácticas.<br><br>**Demanda.** Nunha materia que tamén foi identificada por outro grupo de estudantes titorizados, indícase déficits en cuestións organizativas e tamén na actitude empática e feedback que mostrar o/a docente nas interaccións que manter cos estudantes, incluso durante o proceso de avaliación oral. Refiren que a linguaxe e algún comentarios emitidos non proceden.<br>**Resposta a demanda.** O/a titor/a traslada esta necesidade a coordinación do PAT-ANEAE, traslada esta información a dirección do departamento para que se lle faga chegar esta situación, e comprobar no vindeiro curso o docente vai a seguir impartindo esta materia. Dado que concorda coa cuestión tratada por outro grupo de estudante e que o profesor coordinador da materia se ocupou de facer o seguemento e apoio aos estudantes. |
| Aspectos destacados en positivo nos informes dos titores | FUNCIONAMENTO DO 1º CUADRIMESTRE.<br>En xeral, a valoración foi positiva<br>A carga de traballo a pesar de ser máis elevada, informan que teñen claro o funcionamento das materias, as entregas, e as formas de avaliación. |
| **NÚMERO DE ESTUDANTES QUE ASISTEN AS REUNIONS DOS TITORES** | N= 23 estudantes de 1º curso |
| **INCIDENCIAS SALIENTABLES** | Infracción no trato e organización, a que se respondeu dende a coordinación da materia con un apoio continuado. |
| **NOTIFICACIÓN DAS INCIDENCIAS SALIENTABLES QUE PODEN ENMENDARSE** | |

| RESUMO DAS ACTAS DOS TITORES/AS DO GRAO DE EDUCACIÓN PRIMARIA | |
|---|---|
| Data | 2º cuadrimestre |
| Titulación | Grao de Educación Primaria. |
| Titores que subiron as actas | María del Mar García Señorán<br>Xosé Constela Vega<br>María Mercedes González Vázquez<br>Ángeles Conde Rodríguez<br>Ángel Vázquez Dorrío<br>Ana Iglesias Álvarez |
| Necesidades detectadas nos informes dos titores | ***Xestións técnicas que afectan a docencia:***<br><br>**Demanda.** Indican que nalgunhas aulas precisase máis enchufes para poder traballar co ordenador na aula.<br>**Resposta a esta última demanda concreta**. A coordinación do grao refire que se encarga de revisar as necesidades técnicas e darlle resposta.<br><br>Queixanse dos horarios que implica ter ocupadas maña e tardes.<br>Tamén solicitan que se retiren as mamparas dos laboratorios de informática, xa que dificultan os traballos en grupo e neste momento da pandemia non as consideran necesarias, xa que se eliminou a distancia de seguridade nas aulas.<br><br>***Docentes, xestión e coordinación docente das materias:***<br><br>Sinalan que seguen sen recibir *feedback* sobre os traballos presentados. Algunhas prácticas son consecutivas e lles preocupa que o non coñecer a avaliación das xa entregadas poida incidir negativamente no desenvolvemento de traballos posteriores, pois se poden reproducir erros cometidos nas anteriores.<br><br>**Demanda.** Indicaron que en algunhas materias está programado o traballo a realizar pero non está clara a data de entrega.<br>**Resposta a esta última demanda concreta**. Esta cuestión foi trasladada a coordinación da materia, quen resposta que todas estas cuestión débense a demora na contratación dos docentes, que impide que exista unha resposta máis pronta e áxil. A dirección do departamento traslada que esta incidencia foi remitida, de forma continua, ao Vicerreitorado de profesorado, pero non se obtivo unha resposta favorables. Neste caso concreto, esta información foi remitida por correo electrónico aos estudantes.<br><br>Sinalaron que deben facer moitos traballos e non queda tempo para preparar a materia para os exames.<br><br>Tamén que algunhas semanas a carga de traballo é excesiva.<br><br>Demandan en tres grupos máis práctica pois algunha materia é moi teórica.<br><br>Comentan que lles interesa ter as notas dos traballos antes de realizar os exames.<br><br>***Información Adicional:***<br><br>Déuselle información sobre a tramitación das queixas e suxestións que fixeran na primeira reunión. |

| | |
|---|---|
| | |
| Aspectos destacados en positivo nos informes dos titores | FUNCIONAMENTO DO 1º CUADRIMESTRE.<br>En xeral, a valoración foi positiva<br>Un estudante que acudiu a a sesión pon de manifestó que durante o primeiro cuadrimestre foi mais "pesado" de ter as clases virtuais que este segundo cuadrimestre é moito mellor o desenvolvemento das clases |
| **NÚMERO DE ESTUDANTES QUE ASISTEN AS REUNIONS DOS TITORES** | N= 42 estudantes de 1º curso |
| **INCIDENCIAS SALIENTABLES** | |
| **NOTIFICACIÓN DAS INCIDENCIAS SALIENTABLES QUE PODEN ENMENDARSE** | |

| RESUMO DAS ACTAS DOS TITORES/AS DO GRAO DE TRABALLO SOCIAL | |
|---|---|
| Data | 2º cuadrimestre |
| Titulación | Grao de Traballo Social. |
| Titores que subiron as actas | María José Vázquez Figueiredo<br>Mónica López Viso<br>Raquel Vázquez Pérez<br>Rubén González Rodríguez<br>Yolanda García Vázquez<br>Paula Frieiro Padín |
| Necesidades detectadas nos informes dos titores | ***Estado psicoemocional dos estudantes***<br>Tres estudantes dun grupo precisan que senten desgaste emocional e desmotivación cara os estudos.<br><br>***Organización do centro***<br>Os 5 estudantes dun grupo poñen de manifesto que lles facilitaría a organización e localización dos espazos académicos o feito de dispoñer dun mapa do Edificio Facultades.<br>Tamén refiren que non se están a cumprir as medidas de ventilación de 15 minutos, o equipo decanal para dar resposta a esta cuestión informa que se comunicará, en breve, o protocolo axustado a nova situación.<br><br>***Xestións técnicas que afectan a docencia:***<br>Dous estudantes dun grupo insisten na necesidade na resposta aos correos electrónicos enviados polos estudantes ao profesorado.<br><br>***Docentes, xestión e coordinación docente das materias:***<br>Refiren que lles gustaría ter máis exames parciais.<br>Perciben falta de conexión entre os GP, GM, GG<br>Dous estudantes dun grupo informan de falta de coordinación entre a teoría e a práctica da materia. Ademais, manifestan que existe un desinterese xeral polo PAT-ANEAE.<br>Dous estudantes informan que non se comunica con suficiente antelación a asistencia as aulas e tamén a falta de puntualidade.<br>Os 5 estudantes dun grupo manifestan que nunha materia teñen prazos de entrega distintos. A titora traslada esta información a coordinadora da materia, a cal informa que as datas axústanse as posibilidades que ofrece o calendario académico e que está pensado para que todos teñan as mesmas oportunidades. Ofrece incluso a posibilidade de axustar a data as que suxiran os estudantes. Esta resposta é trasladada aos estudantes a través do correo electrónico para que tiveran o *feedback* da profesora.<br><br>***Formación adicional***<br>Dous estudantes dun grupo informan que lles interesa preferentemente ter formación específica sobre saídas profesionais.<br>Os estudantes mostran interese e demandan información dos programas de mobilidade.<br>Manifestan que non coñecen a páxina do CAMPUS ACTIVO.<br>Información pola prácticas extracurriculares e curriculares. |
| Aspectos destacados en positivo nos informes dos titores | ***Organización do centro:***<br>En xeral, manifestar estar contentos cos horarios do primeiro cuadrimestre e valoran máis negativamente os do 2º cuadrimestre.<br>Destacan positivamente o acompañamento e axuda dos docentes da titulación. |

| | |
|---|---|
| | Os 5 estudantes dun grupo manifestan estar satisfeitos cos resultados acadados no 1º cuadrimestre. Outro grupo integrado por 2 estudantes concordan está percepción.<br><br>***Organización da materia:***<br>Destacan positivamente as materias que teñen traballos vinculados cos descritores da materia, dado que lles facilitou a comprensión e preparación para o exame.<br>Destacan que acceso aos apuntes cando se explica o tema nos GG facilita a comprensión da materia.<br>Os traballos en grupo indican que lles gustaría ter a posibilidade de elixir libremente as persoas que compoñen o grupo.<br>Ter unha carga de traballo constante, dado que no aperciben sobrecarga nin tampouco semanas sen carga de traballo. |
| **NÚMERO DE ESTUDANTES QUE ASISTEN AS REUNIONS DOS TITORES** | **N=16 estudiantes,** |
| **INCIDENCIAS SALIENTABLES** | **Só un grupo non acudiu ningún estudante.**<br>**2 grupos informan da desmotivación cara o PAT-ANEAE** |
| **NOTIFICACIÓN DAS INCIDENCIAS SALIENTABLES QUE PODEN ENMENDARSE** | |

| RESUMO DAS ACTAS DOS TITORES/AS DO GRAO DE EDUCACIÓN SOCIAL | |
|---|---|
| Data | 2º cuadrimestre |
| Titulación | Grao de Traballo Social. |
| Titores que subiron as actas | Sara Martínez Carrera<br>Deibe Fernández Simo<br>María Victoria Carrera Fernández<br>Yolanda Rodríguez Castro<br>Manuel Isorna Folgar<br>Xosé Manuel Cid |
| Necesidades detectadas nos informes dos titores | ***Docentes, xestión e coordinación docente das materias:***<br>Informase que un/unha profesor/a non ten en consideración as faltas motivadas pola COVID-19, como un problema de saúde xustificado. O equipo decanal resolve favorablemente o conflito, de maneira que se considera a situación revertida.<br><br>***Formación adicional***<br>Demandan información ERASMUS, CEESG. |
| Aspectos destacados en positivo nos informes dos titores | ***Organización do centro:***<br>En xeral, manifestar estar contentos co funcionamento do centro e do título, así como das dinámicas e accións desenvoltas neste.<br><br>***Organización da materia:***<br>Destacan positivamente a coordinación entre o profesorado, así como a metodoloxía que se aplica nas distintas materias (dinámica e participativa). Perciben favorablemente que dende o inicio de curso coñecen o sistema de avaliación. |
| **NÚMERO DE ESTUDANTES QUE ASISTEN AS REUNIONS DOS TITORES** | **N=27 estudiantes,** |
| **INCIDENCIAS SALIENTABLES** | **Só un grupo non acudiu ningún estudante.** |
| **NOTIFICACIÓN DAS INCIDENCIAS SALIENTABLES QUE PODEN ENMENDARSE** | |

## ANEXO III. COORDINACIÓN ENTRE RESPONSABLE DO PAT-ANEAE, TITORAS/ES DOS TÍTULOS E OUTROS/AS AXENTES IMPLICADOS

| OBXETIVO | RESPONSABLES | DESCRICIÓN DA ACCIÓN | PERÍODO E DATA DA EXECUCIÓN |
|---|---|---|---|
| Coa finalidade de atender aos obxectivos do Plan de acción titorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo (PAT-ANEAE) realizáronse unha serie de accións de coordinación entre o profesorado directamente implicado como titores/as do alumnado do centro, e moi especialmente cos de 1º curso, os coordinadores/as dos Títulos, coordinadores/as de Prácticum e de TFG e a coordinador/a do PAT-ANEAE, e do programa PIUNE e outros axentes implicados para planificar as diferentes accións de apoio requiridas polo alumnado do Centro (sesións de acollida, orientacións sobre mencións, TFG, Prácticum ou saídas profesionais etc.). | Coordinadora PAT-ANEAE, Coordinadores Mestrado e Titores/as | - Para preparar a estrutura de apoio para o PAT-ANEAE solicitouse a través de correo electrónico a participación do profesorado para actuar como titores/as na atención e asesoramento dos grupos de 1º curso dos títulos do centro, e a atención aos estudantes dos sucesivos cursos por petición individual, elaborándose o cadro de docentes-titores/as por título. | 1º Cuadrimestre, setembro 2021 |
| | | - Para preparar a estrutura de apoio para o PAT dos mestrados do centro os/as coordinadores do Título solicitan a través de correo electrónico a participación do profesorado para actuar como titores/as na atención e asesoramento dos estudantes, publicando na web do Título o cadro de docentes-titores/as, coa asignación dos estudantes. | 1º Cuadrimestre, setembro 2021 |
| | Coordinadora PAT-ANEAE e Titores/as | - Realizouse a asignación de titores/as a grupos de estudantes de 1º curso para cada un dos graos do centro.<br>- Informouse aos titores/as da distribución realizada por correo electrónico e sobre a publicación da información nos espazos do PAT-ANEAE da plataforma MOODLE e na web do centro. | 1º Cuadrimestre, Setembro 2021 |
| | Coordinadora PAT-ANEAE, coordinadora PIUNE, titor/a | -Notificouse, por vía telefónica e por correo, unha incidencia sobre un/ha estudante do grupo PIUNE, que requiría axilizar o seu expediente e unha atención inmediata.<br>-Notificouse O/A TITOR/A a existencia do estudante que está a solicitar a inclusión no programa PIUNE<br>-A coordinadora do programa PIUNE notificou a evolución e progreso do expediente do/a estudante PIUNE.<br>-A/o Titor/a estableceu contacto co/a estudante.<br>-A coordinación do PAT-ANEAE atendeu as dúbidas do estudante PIUNE, derivando cando procedía, aos profesionais especializados na cuestión. | 1º Cuadrimestre, setembro-decembro 2021 |
| | Coordinadora PAT-ANEAE e Titores/as | -Actualizouse a documentación correspondente ao PAT-ANEAE na plataforma MOODLE (descrición e funcionamento, as accións organizadas por carpetas con toda a información, espazo exclusivo para os titores/as no que depositan as actas das reunións).<br>- Realizouse unha reunión, de forma virtual, con todos/as titores/as que participan no PAT-ANEAE para establecer un protocolo, no que se recollen os contidos e o procedemento a seguir na primeira reunión.<br>- Enviouse aos titores/as a acta da reunión de coordinación PAT-ANEAE-titores/as cos acordos tomados na xuntanza, incluíndo os contidos e procedemento, que han de seguir para a 1º reunión dos/as titores/as cos estudantes titorizados/as. Tamén, se enviou un modelo cos datos esenciais, que debe incluír a convocatoria dos estudantes, a guía do PAT-ANEAE, e o listado con estudantes que lle corresponde segundo o seu apelido. Informase a cada titor/a os dos correos electrónicos do seu grupo de estudantes para que poidan remitir a convocatoria.<br>-Enviouse desde a coordinación do PAT-ANEAE un recordatorio por correo electrónico aos titores/as de 1º curso para que organizaran e convocaran a 1º reunión co seu grupo de estudantes, solicitando que a realizaran de forma presencial, recomendando que a reunión se efectuara no mes de outubro e, de forma excepcional, na primeira semana de novembro. Informouse aos titores/as do obxectivo da 1ª reunión cos grupos de estudantes de novo ingreso e da obriga de subir un extracto na Acta dos asuntos tratados a MOODLE.<br>- Enviouse aos titores/as recordatorios para que subiran a MOOVI actas que recollen o tratado na 1º reunión co grupo de estudantes.<br>- Os/as titores/as reenvían a convocatoria da 1º reunión entre estudantes/titor e coordinador do PAT-ANEAE, de forma individual e só nalgún caso. Asemade, algunhos/as titores/as que tiveron dificultades para facer efectiva a reunión co grupo de estudantes solicitan a colaboración da coordinación do PAT-ANEAE para facerlle chegar a convocatoria aos estudantes, sendo a coordinación de curso e a figura do delegado/a fundamental para acadar o obxectivo.<br>- Tratouse, por correo electrónico ou por teléfono, co/a titor/a as incidencias que aparecían na acta e que requirían ser tratadas e resoltas. Notificándolle a evolución do proceso de resolución de cada incidencia xestionada os/as titores/as para que puideran, no caso de ser preciso, informar ao seu grupo de estudantes da | 1º Cuadrimestre, Outubro-decembro 2021 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | resolución da demanda. Tamén, se notifican as xestións realizadas ao coordinador/a de calidade, para que estea informado dos procedementos e medidas que se levan a cabo dende o PAT-ANEAE para garantir a calidade da docencia universitaria.<br>-Enviouse aos/as titores/as de cada titulación a síntese das actas nas que se recollen: demandas dos/as estudantes, fortalezas subliñadas, e incidencias detectadas, en cada grao do centro.<br>-Enviouse a coordinación de calidade as síntese das actas da 1º reunión para que tivera información sobre as fortalezas e debilidades que destacan os estudantes nas reunións. | |
